



PROMOCIÓN ESO E BACHARELATO

Resolución do 11 de maio de 2018. Instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño. Currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

PROMOCIÓN E TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PROMOCIÓN (reunión de Claustro de profesores do IES Sanxillao, celebrada o día 29 de xuño de 2016, consonte ao Decreto 86/2015 do 25 de xuño (DOG núm.120), Artigo 23, punto 2:

- Ter superadas todas as materias do curso. **Páx. 25462 DECRETO 86/2015**
- Ter avaliación negativa en dúas materias como máximo, sempre e cando non sexan simultaneamente **LINGUA GALEGA e MATEMÁTICAS** ou **LINGUA CASTELÁ e MATEMÁTICAS**. Non obstante, en caso de que as dúas materias non superadas sexan as anteriores o alumnado **promocionará, de xeito excepcional, sempre e cando teña unha cualificación mínima de 4 puntos en ambas as dúas materias.**
- Excepcionalmente, promocionará o alumnado que teña avaliación negativa en **tres materias** sempre e cando dúas delas non sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Matemáticas e o resultado negativo desas materias sexa debido a *unha enfermidade grave do propio alumnado ou a unha situación grave dos seus familiares en primeiro grao*. Neste caso, será imprescindible unha documentación debidamente acreditada.
- A **promoción do alumnado** con materias avaliadas negativamente na convocatoria ordinaria do mes de xuño, determinarase na sesión de **avaliación extraordinaria** do mes de setembro, tendo en conta o exposto nos puntos anteriores.

TITULACIÓN

- Ter avaliación positiva en todas as materias. Acadados os obxectivos e as **competencias**.
 - Avaliación negativa nun máximo de **2 materias**. Sempre que non sexan:
 - Lingua Galega e Literatura e Matemáticas.
 - Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.E que o equipo docente considere acadados os **obxectivos** e as **competencias**.
 - As materias con mesma denominación pero en cursos diferentes, considéranse como materias distintas.
-
- A **nota media** da etapa será a media das cualificacións numéricas. Expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeando á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.
 - **NP** (non presentado) na **avaliación extraordinaria** equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia na **avaliación ordinaria**.



- Para o alumnado que finalice **4º ESO** despois de cursar un PMAR, o cálculo da cualificación final farase *sen ter en conta as cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa*, cando ditas materias estivesen incluídas nalgúns dos ámbitos previstos no artigo 19.3 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e o alumno ou alumna superase o dito ámbito.

TÍTULO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA EN FPB

Para obtención do título de **Educación Secundaria Obrigatoria** dende a FPB de Hostalaría deberanse cumprir os seguintes requisitos (aprobado no Claustro do día 28 de maio de 2018) :

- Aprobar todos os módulos de primeiro e segundo curso.
- Obter unha cualificación igual ou superior a sete puntos sobre dez, nos módulos de Ciencias Aplicadas e Comunicación e Sociedade. Para o cálculo de dita nota realizarase a media aritmética da cualificación obtida en cada módulo en primeiro e segundo curso.
O alumnado que non obteña dita cualificación poderá presentarse a unha proba extraordinaria ao final do segundo curso de FPBH en cada un dos módulos antes da avaliación final de ciclo.
- Acadar os obxectivos de educación secundaria obrigatoria.
- Adquirir as competencias clave. Para adquirir ditas competencias será necesario obter unha nota igual ou superior a cinco puntos sobre dez, en todas as competencias clave.
 - Competencia lingüística (CCL).
 - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
 - Competencia dixital (CD).
 - Aprender a aprender (CAA).
 - Competencias sociais e cívicas (CSC).
 - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
 - Conciencia e expresións culturais (CEEC).
- A cualificación final de ESO será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques común previstos no artigo 42.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
 - **Módulo de Comunicación e Sociedade I e II:** Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá E Literatura, Lingua Estranxeira e Ciencias Sociais.
 - **Módulo de Ciencias Aplicadas I e II:** Matemáticas Aplicadas e Ciencias Aplicadas ás ciencias ao contexto persoal e de Aprendizaxe nun Campo Profesional.



MATRÍCULA DE HONRA PARA 4º ESO (MH)

Artigo 13 da Resolución do 11 de maio de 2018.

- Nota media igual ou superior a **9**.
- Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5 % ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso.
- En todo caso, esta distinción adoptarase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na **Comisión de Coordinación Pedagóxica** e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.
- **Criterios de desempate (Claustro do día 24 de abril de 2019)**
 - 1º) Nota máis alta de cuarto da ESO.
 - 2º) Nota máis alta de terceiro da ESO.
 - 3º) Nota máis alta de segundo da ESO.
 - 4º) Nota máis alta de primeiro da ESO.
 - 5º) Sorteio.

AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS

- Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das **competencias clave**.
- Reflectiranse no **consello orientador**.
- Expresaranse nos seguintes termos:
 - Insuficiente (IN) (para as cualificacións negativas) (1)**
 - Suficiente (SU). (2)**
 - Ben (BE). (3)**
 - Notable (NT). (4)**
 - Sobresaliente (SB). (5)**



CONSELLO ORIENTADOR

- Entregaráselle aos representantes legais de cada alumno/a ao final de cada curso de educación secundaria.
- Incluirá unha proposta do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta.
- Pode incluír unha recomendación sobre a incorporación a un PMAR ou FPB.
- Elabórao o **titor ou titora**, logo da información recollida na sesión de **avaliación final** e co asesoramento do **Departamento de Orientación**.
- Levará a **sinatura** do profesorado **titor**, da **xefa o xefe do Departamento de Orientación** e o visto e prace da **dirección do centro docente**.
- Incluirase no **expediente** do alumno ou da alumna.
- O CONSELLO ORIENTADOR poderase xerar en Xade unha vez rematada a avaliación ordinaria ou extraordinaria de setembro e **pechadas as actas**.

Datos do informe.

- Cadro “Datos persoais”: recupera información de XADE.
- Cadro “Datos académicos”: recupera información de XADE a excepción de “MEDIDAS ORGANIZATIVAS” e “MATERIAS PENDENTES” que serían para cubrir a man.
- Cadro “Repeticións de curso”: recupera de XADE atendendo á marca “repite” da táboa matrícula.
- Cadro “Medidas de at...na etapa”: listar amosar todos os cursos en orde ascendente do/a Alumno/a na ESO, e recuperar os valores de ADAPTACIÓN CURRICULAR e REFORZO de XADE.

As medidas organizativas cóbrense a man.

- Cadro ‘Manifesta interese por’: hai que cubrir a man.
- Cadro “grado de consecución”: recupera de XADE.
- Cadro ‘Proposta educativa’: hai que cubrir a man.



BACHARELATO

- Materias a cursar (Decreto 86/2015).

PRIMEIRO DE BACHARELATO

- 4 materias xerais do bloque de troncais.
- 2 materias do bloque de troncais de opción.
- Lingua Galega e Literatura.
- Educación Física.
- Mínimo 2 e máximo 3 materias específicas de elección.

PROMOCIÓN E REPETICIÓN DE PRIMEIRO DE BACHARELATO

- **Artigo 35 do Decreto 86/2015**
- Promoción con todas as materias superadas ou **avaliación negativa** en **2 materias** como máximo.
 - Só se computarán **as materias que como mínimo o alumno ou alumna deben cursar en cada un dos bloques.**
Materias que computan para a promoción:
 - Materias xerais do bloque de materias troncais: Filosofía, LCeL I, Inglés I
 - Materias xerais do bloque de materias troncais por modalidade: Matemáticas I, Latín I, Matemáticas Aplicadas ás CCSS I, Fundamentos da Arte I
 - Dúas materias de opción do bloque de materias troncais:
 - Bioloxía e Xeoloxía / Debuxo Técnico I / Física e Química
 - Economía / Grego I / Hª do Mundo Contemporáneo / Literatura Universal
 - Cultura Audiovisual I / Hª do Mundo Contemporáneo / Literatura Universal
 - Un mínimo de dúas ou un máximo de tres materias do bloque de materias específicas: ao alumnado que curse o itinerario de Relixión (3+2+1) computaranlles 2 materias das 3 que cursen.
 - No bloque de materias de libre configuración só se computará Lingua Galega e Literatura .
- Os alumnos deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro.
- **CAMBIO DE MODALIDADE** (Resolución do 11 de maio de 2018). Artigo 22. Páx. 25246.
 - PRIMEIRO CURSO – nos dous primeiros meses do primeiro curso.
 - SEGUNDO CURSO – antes do comezo das actividades lectivas. Os requisitos para o cambio de modalidade ao promocionar a segundo están recollidos no artigo 22. Apto 4. Páx. 25247.



REPETICIÓN DE SEGUNDO DE BACHARELATO

- O alumnado con avaliación negativa nalgúnhas das materias poderán matricularse de novo delas ou do curso completo (non obstante, neste caso non se conservan os aprobados do curso anterior).

CONTINUIDADE ENTRE MATERIAS DE BACHARELATO

- A superación das materias de 2º de BAC que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015 estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º de BAC, por implicar continuidade.
- O alumno poderá matricularse da correspondente materia de 2º de BAC, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º de BAC.
 - En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso deberase adoptar segundo **criterios obxectivos e avaliábeis**, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha **proba**. A data límite para realizar esta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante *diligencia no historial académico*.
 - En caso contrario, a materia de 1º de BAC terá a consideración de materia pendente.
- Esta materia de primeiro curso non computará en ningún caso como materia esixible para reunir as condicións necesarias para poder presentarse á avaliación final da etapa.
- No caso de cursar simultaneamente as materias de primeiro e segundo, a materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumno promocionou ao segundo curso.

ANULACIÓN DA MATRÍCULA DE BACHARELATO

- Poderá solicitarse á dirección do centro docente antes do **30 de abril**, cando circunstancias de doenza prolongada, de incorporación a un posto de traballo ou de obrigas de tipo familiar ou persoal lle impidan seguir, en situación normal, os estudos.

OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL

- Obter unha cualificación **igual ou superior a 5** puntos sobre 10.

Resolución do 11 de maio de 2018. Capítulo VI.

Artigo 28

- O alumnado que estea en posesión do título de **Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional** e desexe obter o título de bacharel **poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida** e da materia de **Lingua Galega e Literatura**.



Artigo 29

- O alumnado que estea matriculado nos **dous últimos curso das ensinanzas profesionais de música ou de danza** poderá cursar simultaneamente as **materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e a materia de Lingua Galega e Literatura**, sempre que acredite ante o centro de educación secundaria en que vaia cursar as citadas materias estar matriculado nas devanditas ensinanzas profesionais.

Artigo 30

- O alumnado que estea en posesión do **Título de Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou Danza** e desexe obter o título de bacharel poderá matricularse unicamente **das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida** e da materia de **Lingua Galega e Literatura**, sempre que acredite no centro de educación secundaria onde vai cursar as citadas materias que superou as ensinanzas profesionais de música ou de danza

MATRÍCULA DE HONRA EN 2º DE BACHARELATO

Orde 20 de abril 2010 (DOGA 26 abril)

O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño de segundo de bacharelato, obtivese unha nota media igual ou superior a 9 puntos, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). A devandita mención concederáselle a un número de alumnos non superior do 5% do total de alumnado deste curso.

No caso de desempate os criterios a seguir serán os seguintes (aprobados no Claustro do 24 de abril de 2019):

- 1º - Nota máis alta de primeiro de BAC.
- 2º - Nota máis alta da media de ESO.
- 3º - Sorteio.